



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ (23/04/10)

Nesta xuntanza estes foron os temas tratados:

Encuesta avaliación Riscos Psicosocial.- Neste punto, por parte do Responsable do Servizo Médico (Sr. Murillo) fainos unha exposición da valoración do resultado acadado na enquisa, distribuído por Talleres, Quendas e Idades. En Pintura e Montaxe destacan o resultado negativo no aspecto de Autonomía Temporal.

Dende a **C.I.G.**, solicitamos si se nos facer entrega de toda a documentación para analizada e poder dar a nosa opinión o respecto. A Dirección manifesta que a facilitara no Comité de Saúde Laboral.

Acordo Marco Muldial, balance e plans de accións.- A Dirección fai unha valoración sobre o estado do acordo no Centro, ademais de facernos mención dos novos plans de accións previstos para este ano.

Produción Xuño – Xullo.- Confírmase un incremento significativo para o mes de Xullo (12.700 vehuculos). Tendo en conta este volume, a Dirección expón as consecuencias que elo vai significar para cos diferentes Sistemas:

Sistema II.- Para poder facer fronte a esta produción, está previsto un incremento na cadencia, pasando a 45 Veh/h, para elo, o día 11 de Xuño non abra actividade para poder adaptar as instalacións. Tamén está previsto traballar un sábado en Xuño e dous en Xullo.No que respecta as vacacións seguen manténdose as 4 semanas consecutivas.

Sistema I.- Neste sistema se mantén a cadencia, 45 Veh/h. pero a Dirección manifesta que non é posible facer fronte a este incremento e manter as 4 semanas de vacacións, por elo proponnos coller 3 semanas en Agosto e 1 en Xuño colectivamente coa salvidade de ter que habilitar Sábados e Domingos noite, de non ser así, tería que desprazarse esa semana para ó ultimo trimestre.

A **C.I.G.**, nunha primeira impresión, manifestamos:

- en canto o incremento de cadencia para o Sistema II, esperamos que con esta nova reorganización sirva para poder facer un mellor e mellor equilibrio nas cargas dos postos de traballo, tendo en conta a situación na que quedaron moitos deles ante a recente baixada de cadencia. A Dirección pretende a eliminación dos impactos de aqueles postos con complexidades.

- no que atinxe o fraccionamento das vacacións para o Sistema I, seguimos defendendo que estas sexan 4 semanas consecutivas en Agosto, de non ser así correspondería a correspondente compensación económica por deberse a saturación produtiva. A Dirección manifesta que este tema queda pendente dunha reunión para a vindeira semana.

Entre liñas destes temas de produción a Dirección transmite dúbidas acerca do calendario das Eleccións Sindicais. ...Teñamos sentidiño.

Varios.- A **C.I.G.** expón os seguintes temas:

CKD's.- Tendo en conta a redución de persoal levada a cabo pola baixada en cadencia do Sistema II, non podemos entender que neste Taller se están a facer diariamente xornadas de ate 14 horas. A Dirección toma nota e analizará esta situación.

Novos proxectos.- Sendo conscientes das informacións que se están a publicar nos medios de comunicación no que respecta a adxudicación de traballo para os futuros modelos, esperamos que dende o grupo se teña en conta os Provedores que están integrados no CEAGA. A Dirección manifesta que os primeiros son os Provedores Locais.

Falla de calculadores.- Con motivo do desaxuste aéreo faltan calculadores, ante elo a Dirección suspendeu o sábado voluntario, así como o luns na noite, para manter a produción nas quendas do día. Quedando pendente as próximas xornadas.

Comentario.- Cando aínda están saíndo pola portaría compañeiros/as que se lles anunciou o seu remate de contrato, algúns deles sen dereito o paro, confírmase a nova suba de produción.

Agora colle sentido a lectura que facía a **C.I.G.**, sobre o escalón do mes de Abril, cando se anunciou no mes de Marzo a redución de 800 traballadores/as, e a vez estar programando formación para contratar a 700 traballadores/as anotados no INEM.

Para a **C.I.G.** esta claro, que neste xogo de votar xente por unhas semanas tiña un cometido de impacto social para lograr un fin ante as Administracións.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com